Contas anuais

Fundación Autismo Coruña
Exercicio 2010

BALANCE DE SITUACIÓN

Fundación Autismo Coruña Exercicio 2010

BALANCE ABREVIADO O PECHE DO EXERCIZO 2010 FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA				
Nº CONTAS	ACTIVO	NOTAS	2010	2009
	A) ACTIVO NON CORRENTE		**204.536,60**	**213.209,03**
206, (2806),(2906)	I. Inmobilizado intanxible		184,69	299,15
211, 212,213,214,215,216,217,218, 2910,2911, 2912,2913,2916,2919, (2811),(2910),(2911),(2812),(2813),(2814), (2815),(2816),(2817),(2818),(2912),(2913),(2914),(2915),(2	II. Inmobilizado material.		204.281,22	212.839,19
2405, 2415, 2425, (2495), 250, 251, 252, 253, 254, 255, 258, (259), 26, (2935), (2945), (2955), (296), (297),	III. Inversións financeiras a longo prazo.		70,69	70,69
	B) ACTIVO CORRENTE		**18.852,67**	**21.001,94**
430,431,432,433,434,435,436, (437),(490),(493),440, 441, 445, 448,4709,4700, 4707, 4708, 471, 472, 473	I. Debedores comerciais e outras contas a cobrar.		15.498,50	13.399,74
570, 571, 572, 573, 574, 574	II. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.		3.354,17	7.602,20
	TOTAL ACTIVO (A+B)		**223.389,27**	**234.210,97**

BALANCE ABREVIADO Ó PECHE DO EXERCIZO 2010

FUNDACION AUTISMO CORUÑA

Nº CONTAS	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS	2010	2009
	A) PATRIMONIO NETO		**206.431,21**	**219.130,82**
	A-1) Fondos propios		77.032,72	83.370,32
	I. Dotación fundacional		6.010,12	6.010,12
10	1. Dotación fundacional.		6.010,12	6.010,12
	II. Reservas.		89.171,07	89.171,07
113, 114	2. Outras reservas		89.171,07	89.171,07
	III. Resultados negativos de ej. anteriores		-11.810,87	0,00
121	2. (Resultados negativos de ejercicios anteriores)		-11.810,87	0,00
129	III. Excedente do exercizo		-6.337,60	-11.810,87
130, 131, 132	A-3) Subvencións, doazóns e legados de capital e outros.		129.398,49	135.760,50
	B) PASIVO CORRENTE		**16.958,06**	**15.080,15**
	I. Deudas a corto plazo.		10.000,00	0,00
(1304), (1044), (190), (192), 194, 500, 505, 506, 509, 5115, 5135, 5145, 521, 522, 523, 525, 526, 528, 551, 5525, 555, 5565, 5566, 5505, 560, 561	1. Otros pasivos financieros.		10.000,00	0,00
513	I. Débedas con entidades vencelladas a corto prazo.		0,00	13.300,00
	II. Acredores comerciais e outras contas a pagar.		6.958,06	1.780,15
410, 411, 412, 419	1. Acredores varios		582,20	71,61
465,466	2. Remuneraciones pendientes de pago		4.320,00	
4750, 4751, 4758, 476, 477	3. Outras débedas con administracións públicas		2.055,86	1.708,54
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B)		**223.389,27**	**234.210,97**

CONTA DE RESULTADOS

Fundación Autismo Coruña Exercicio 2010

CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA CORRESPONDENTE Ó EXERCIZO TERMINADO O 31 DE DECEMBRO DE 2010

FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA

Nº CONTAS		Nota	HABER (DEBE) 2010	HABER (DEBE) 2009
	1. Ingresos da entidade pola actividade propia.		**59.809,69**	**44.772,94**
720, 721	a) Cotas de usuarios e afiliados		0,00	0,00
725, 726	b) Subvencións,doazóns e legados imputados a resultados do exercizo		59.809,69	44.772,94
	2. Axudas monetarias e outros		**0,00**	**-4,65**
650, 651, 652	a) Axudas monetarias			
653, 654	b) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno.		0,00	-4,65
(64)	**3. Gastos de persoal**		**-51.339,54**	**-43.751,37**
(62),(631),(634),(636),(639),(65).	**4. Outros gastos de explotación**		**-12.497,33**	**-10.638,99**
(68)	**5. Amortización do inmobilizado**		**-8.672,43**	**-8.579,56**
	6. Imputación de subvencións de inmobilizado non financeiro e outras		**6.362,01**	**6.362,01**
(746)	a) Procedentes da actividade propia		6.362,01	6.362,01
	A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6)		**-6.337,60**	**-11.839,62**
760, 761, 762, 769	**7. Ingresos financeiros.**		**0,00**	**28,75**
660),(661),(662),(664),(665),	**8. Gastos financeiros.**			
	B) RESULTADO FINANCEIRO (7+8)		**0,00**	**28,75**
	C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)		**-6.337,60**	**-11.810,87**
	D)EXCEDENTE DO EXERCIZO (C)		**-6.337,60**	**-11.810,87**

INVENTARIO

Fundación Autismo Coruña Exercicio 2010

INVENTARIO

Fundación Autismo Coruña

Exercizo 2010

Activo: Bens e dereitos

DESCRIPCIÓN DO ELEMENTO	DATA DE ADQUISICIÓN	VALOR CONTABLE TOTAL	OUTRAS VALORACIÓNS REALIZADAS	PROVISIONES AMORTIZACIÓNS E OUTRAS PARTIDAS COMPENSADORAS	CARGAS E GRAVÁMES QUE AFECTEN Ó ELEMENTO	OUTRAS CIRCUNSTANCIAS: FORMA PARTE DA DOTACIÓN FUNDACIONAL OU ESTÁ APORTADO EN TAL CONCEPTO OU AFECTADO POLO PATRONATO DIRECTA E PERMANENTEMENTE Ó CUMPRIMENTO DE FINS FUNDACIONAIS
INMOBILIZADO INTANXIBLE						
Programa Contaplus Profesional	24/07/2010	346,84 €		162,15 €		
Totais		**346,84 €**		**162,15 €**		
INMOBILIZADO MATERIAL						
Terreo	21/12/2000	64.620,82 €				
Terreo Sede Social	31/12/2004	38.161,26 €				
Local sede social	31/12/2004	105.717,98 €		19.029,24 €		
Sistema calefacción	20/04/2004	5.788,84 €		4.631,07 €		
Mesas	17/10/2003	6.704,79 €		4.796,01 €		
Sillas	17/10/2003	7.409,15 €		5.309,93 €		
Armarios	17/10/2003	2.009,94 €		1.440,43 €		
Mobiliario	17/10/2003	1.984,81 €		1.422,44 €		
Mobiliario	24/03/2004	747,20 €		504,36 €		
Sillas	24/03/2004	986,67 €		666,02 €		
Mesas	24/03/2004	1.507,36 €		1.017,50 €		
Armario	24/03/2004	832,88 €		562,21 €		
Armario	24/03/2004	1.651,42 €		1.114,70 €		
Sofá	24/03/2004	1.531,94 €		1.034,03 €		
Mobiliario	13/04/2004	60,10 €		40,07 €		
Mesas	20/04/2004	1.216,84 €		811,20 €		
Sillas	20/04/2004	783,23 €		532,13 €		
Armarios	20/04/2004	2.504,90 €		1.669,93 €		
Percheros Condiciones	20/04/2004	361,92 €		241,27 €		
Puntero láser	20/04/2004	78,39 €		52,26 €		
Pantalla trípode	20/04/2004	466,56 €		357,72 €		
Papeleras y paragüeros	20/04/2004	142,34 €		94,86 €		
Mesas	19/09/2006	933,57 €		396,97 €		
Armarios	19/09/2006	2.039,98 €		867,42 €		
Sillas	19/09/2006	763,74 €		324,73 €		
Ordenador multimedia	30/10/2002	738,92 €		738,92 €		
Ordenador multimedia	30/10/2002	738,92 €		738,92 €		
Ordenador multimedia	30/10/2002	738,92 €		738,92 €		
Ordenador multimedia	30/10/2002	738,92 €		738,92 €		
Ordenador multimedia	30/10/2002	738,92 €		738,92 €		
Impresora	30/10/2002	191,40 €		191,40 €		
Impresora	30/10/2002	191,40 €		191,40 €		
Scáner	30/10/2002	104,40 €		104,40 €		
Scáner	30/10/2002	104,40 €		104,40 €		
Scáner	30/10/2002	104,40 €		104,40 €		
Scáner	30/10/2002	104,40 €		104,40 €		
Ordenador multimedia	20/11/2003	600,00 €		600,00 €		
Fotocopiadora	02/04/2004	4.883,60 €		4.883,60 €		
Impresora	24/03/2004	89,01 €		89,01 €		
Grabadora DVD	24/03/2004	156,77 €		156,77 €		
Cámara de Video	24/03/2004	749,00 €		749,00 €		
Retroproyector	20/04/2004	847,15 €		847,15 €		
Ordenador PIV + TFT	13/04/2004	3.584,40 €		3.584,40 €		
Impresora HP Laser	13/04/2004	562,60 €		562,60 €		
Impresoras Lexmark	13/04/2004	278,40 €		278,40 €		
Scanner	13/04/2004	220,40 €		220,40 €		
Regrabadora DVD	13/04/2004	191,40 €		191,40 €		
Video cámara digital	13/04/2004	870,00 €		870,00 €		
Plastificadora documentos	13/04/2004	394,40 €		394,40 €		
Carpintería Interna	30/10/2002	11.951,65 €		9.760,56 €		
Totais		**278.880,41 €**	**- €**	**74.599,19 €**		
DEREITOS DE COBRO						
Consellería de Traballo	12/11/2010	3.500,00 €				
Diputación de A Coruña	19/09/2010	1.998,50 €				
Totais		**5.498,50 €**	**- €**	**- €**		

A Coruña, a 29 de xuño do 2011

Secretario

Vº Bº Presidente

MEMORIA ECONÓMICA

Fundación Autismo Coruña Exercicio 2010

01 - ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN

02 - BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

03 - APLICACIÓN DE RESULTADOS

04 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

05 - INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE.

06 - ACTIVOS FINANCEIROS

07 - PASIVOS FINANCEIROS

08 - FONDOS PROPIOS

09 - SITUACIÓN FISCAL

10 - INGRESOS E GASTOS

11 - SUBVENCIÓNS, DOAZÓNS E LEGADOS

12 - APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIALES A FINES PROPIOS

13.- CADRO DE FINANCIAMENTO

14 - OPERACIONES CON PARTES VINCULADAS

15 - INFORMACIÓN SOBRE LOS APLAZAMIENTOS DE PAGO EFECTUADOS A PROVEEDORES. DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCERA. «DEBER DE INFORMACIÓN» DE LA LEY 15/2010, DE 5 DE JULIO

16 - OTRA INFORMACIÓN

17 - INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE.

18 - BASES DE PRESENTACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.

19 - INFORMACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.

01 - ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN

1.1. Constitución e réxime legal.

A Fundación foi constituída o 4 de marzo de 1999, en escritura pública outorgada ante o notario de A Coruña, Don José M. Sánchez-Andrade Fernández baixo a denominación "Fundación Autismo Coruña". Mediante Resolución da Consellería de Presidencia e Administración da Xunta de Galicia de data 13 de abril de 1999 foi declarada como benéfico asistencial e por resolución de 24 de maio de 1999 foi declarada pola Consellería de Sanidade e Servicios Sociais "Fundación de interese galego" e se ordena a súa inscrición no "Rexistro de Fundacións de Interese Galego".

O domicilio social está establecido en A Coruña, Camino de la Iglesia , 40 Baixo. O C.I.F. da entidade é o G-15.681.919.

Para a aplicación do réxime fiscal previsto na Lei 49/02 mencionada anteriormente, a entidade deberá comunicar á Administración Tributaria a súa opción por dito réxime a través da correspondente declaración censal.

Este réxime fiscal aplicarase ó período impositivo que finalice con posterioridade á data de presentación da declaración censal en que se conteña a opción e ós sucesivos, en tanto a entidade non renuncie a dito réxime. Con data 2 de xuño de 2005, a fundación presentou declaración censal ante a Administración Tributaria comunicando a opción polo réxime fiscal contido na Lei 49/02.

A moeda funcional coa que opera a empresa é o euro. Para a formulación dos estados financeiros en euros seguíronse os criterios establecidos no Plan Xeral Contable tal e como figura no apartado 4. Normas de rexistro e valoración.

1.2. Fins e actividade da entidade.

Os fins e actividades da Fundación concrétanse nas seguintes áreas de actuación:

1. A asistencia, acollemento e atención terapéutica, cando sexa precisa, dos beneficiarios (persoas con trastorno de espectro autista da provincia da Coruña) que se proporcionará na medida na que os recursos da Fundación permítano, asistencia material (vivenda, aloxamento, vestido, alimentación e demais necesidades vitais), educación e potenciación das súas facultades intelectuais, promoción da adquisición e/ou recuperación das súas capacidades e a súa integración na sociedade.

2. Exercer a tutela, curatela e representación dos beneficiarios, que lles sexa atribuída á Fundación polos medios previstos na lexislación vixente.A actuación da Fundación será sempre subsidiaria da que lle corresponde aos familiares e parentes do incapacitado, e en todo caso promoverá a integración familiar do tutelado, dentro das condicións que garantan a súa estabilidade, custodia e atención de todo tipo.

3. O apoio aos pais e titores das persoas que reunan a condición de beneficiarios da Fundación, mediante o asesoramento, programas formativos e demais medios que precisen o exercicio das súas funcións.

4. A creación de centros ocupacionais, residenciais, a prestación de actividades formativas e educativas, así como as de lecer, tempo libre e lúdicas que melloren a calidade de vida dos beneficiarios.

Para conquerir os fins o longo do exercicio realizáronse as seguintes actividades:

1. Actividades a usuarios
   - Exercer as tutelas.
   - Asesorar sobre o procedemento de incapacitación xudicial.
   - Informar e orientar ás familias en materia de testamentos.
2. Actividades a familias
   - Información, orientación e asesoramento.
   - Prestacións económicas
   - Prestacións sociais e sanitarias
   - Intervención familiar
3. Lei de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación Dependencia.

4. Actividades á sociedade

- Alianzas con outras entidades do terceiro sector de Inclusión social

02 - BASES DE PRESENTACIÓN DE LAS CUENTAS ANUALES

1. Imaxe fiel:

- As Contas Anuais do exercicio 2010 adxuntas foron formuladas e aprobadas polo Padroado da Fundación a partir dos rexistros contables da Fundación a 31 de decembro de 2010 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1514/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación.
- Non existen razóns excepcionais polas que, para amosar a imaxe fiel, non se aplicaran disposicións legais en materia contable.
- En virtude da Disposición transitoria sexta do Real Decreto 1515/2007, a Fundación segue aplicando, no que non se opón á lexislación mercantil actual, a Adaptación Sectorial do Plan Xeral de Contabilidade ó sector de Entidades sen Fins Lucrativos que se aprobou por Real Decreto 776/1998.

2. Principios contables:

No foi necesario, nin se ten crido convinte por parte do Padroado da Fundación, a aplicación de principios contables facultativos distintos dos obrigatorios a que se refire o art. 38 do código de comercio e a parte primeira do plan xeral de contabilidade.

3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incertidume:

Na elaboración das contas anuais correspondentes ó exercizo 2010 determináronse estimacións e hipóteses en función da mellor información dispoñible a 31/12/2010 sobre os feitos analizados. É posible que acontecementos que poidan ter lugar no futuro obriguen a modificalas (ó alza ou á baixa) en próximos exercizos o que se faría de forma prospectiva, recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas anuais futuras.

4. Comparación da información:

Non existe ningunha causa que impida a comparación dos estados financeiros do exercicio actual cos do exercicio anterior.

5. Elementos recollidos en varias partidas

Non existen elementos patrimoniais do Activo ou do Pasivo que figuren en máis dunha partida do Balance.

6. Cambios en criterios contables

No presente exercizo, non se realizaron outros cambios en criterios contables dos marcados pola adaptación da contabilidade ó novo Plan Xeneral de Contabilidade Pemes.

7. Corrección de erros

No se detectaron erros existentes ó peche do exercizo que obriguen a reformular as contas, os feitos coñecidos con posterioridade ó peche, que poderían aconsellar axustes nas estimacións no peche do exercizo, foron comentadas nos seus apartados correspondentes.

03 - APLICACIÓN DE RESULTADOS

BASE DE REPARTO	2010	2009
Pérdidas e ganancias	-6.337,60	-11.810,87
Total		

DISTRIBUCIÓN	2010	2009
Total distribuído		

04 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

Aplicáronse os seguintes criterios contables:

***1. Inmobilizado intanxible*:**

O inmobilizado intanxible valórase inicialmente polo seu custe, xa sexa éste o prezo de adquisición ou el custe de produción.

Despois do recoñecemento inicial, o inmobilizado intanxible valórase polo seu custe, menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións por deterioro rexistradas.

Para cada inmobilizado intanxible analízase e determínase se a vida útil é definida ou indefinida.

Os activos intanxibles que teñen vida útil definida amortízanse sistematicamente en función da vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada peche de exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva. Alúmenos ó peche do exercicio, evalúase a existencia de indicios de deterioro, en cuxo caso estímanse os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan.

A Fundación recoñece contablemente calquera perda que puidera producirse no valor rexistrado de estes activos con orixe no seu deterioro, utilizándose como contrapartida ó epígrafe "Perdas netas por deterioro" da conta de perdas e ganancias. No presente exercicio non se recoñeceron "Perdas netas por deterioro" derivadas dos activos intanxibles.

Non existe ningún inmobilizado intanxible con vida útil indefinida.

a) Aplicacións informáticas

Valóranse ó prezo de adquisición ou custe de produción, incluíndose neste epígrafe os gastos de desenvolvemento das páxinas web. A vida útil destes elementos estímase en 3 anos

As reparacións que non representan unha ampliación da vida útil e os custes de mantemento son cargados na conta de perdas e ganancias no exercicio en que se producen.

b) Deterioro de valor de inmobilizado intanxible

Ó peche do exercicio ou sempre que existan indicios de perdas de valor, a Fundación revisa os importes en libros do seus activos intanxibles para determinar se existen indicios de que ditos activos sufriran unha perda por deterioro de valor. Se existe calquera indicio, o importe recuperable do activo calcúlase co obxecto de determinar ó alcance da perda por deterioro de valor (se a houbera).

O importe recuperable é o valor superior entre ó valor razoable menos ó custe de venta e o valor en uso.

Se se estima que o importe recuperable dun activo (ou unha unidade xeradora de efectivo) é inferior ó seu importe en libros, o importe en libros do activo (unidade xeradora de efectivo) redúcese ó seu importe recuperable. Para elo recoñécese o importe da perda por deterioro de valor como gasto e se distribúe entre os activos que forman a unidade, reducindo en primeiro lugar o fondo de comercio, si existira, e, a continuación, ó resto dos activos da unidade prorrateados en función do seu importe en libros.

Cando unha perda por deterioro de valor revirte posteriormente, ó importe en libros do activo (unidade xeradora de efectivo) increméntase á estimación revisada do seu importe recuperable, pero de tal modo que o importe en libros incrementado non supere o importe en libros que se habería determinado de non haberse recoñecido ningunha perda por deterioro

de valor para o activo (unidade xeradora de efectivo) en exercicios anteriores. Inmediatamente recoñécese unha reversión dunha perda por deterioro de valor como ingreso.

No exercicio 2010 a Fundación non rexistrou perdas por deterioro do inmobilizado intanxible.

***2. Inmobilizado material*:**

a) Custe

Valórase o seu prezo de adquisición ou ó seu custe de produción que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, tódolos gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ata a súa posta en funcionamento, como os gastos de explanación e derribo, transporte, seguros, instalación, montaxe e outros similares. A Asociación inclúe no custe do inmobilizado material que necesita un período de tempo superior a un ano para estar en condiciones de uso, explotación ou venta, os gastos financeiros relacionados coa financiación específica ou xenérica, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción. Forma parte, tamén, do valor do inmobilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigas asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas ó activo, tales como custes de rehabilitación, cando estas obrigas dan lugar ó rexistro de provisións.

A Fundación non ten compromisos de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo. Por elo non se contabilizaron nos activos valores para a cobertura de tales obrigas de futuro.

Rexístrase a perda por deterioro do valor dun elemento do inmobilizado material cando o seu valor neto contable supere ó seu importe recuperable, entendendo éste como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custes de venta e o seu valor en uso.

Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos efectuados pola Fundación, cargaranse nas contas de gastos que correspondan. Os custes de ampliación ou mellora que dan lugar a un aumento da capacidade produtiva ou a un alongamento da vida útil dos bens, son incorporados ó activo como maior valor do mesmo. As contas do inmobilizado material en curso, cárganse polo importe de ditos gastos, con abono á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola Fundación para sé mesma.

b) Amortizacións

A amortización dos elementos do inmobilizado material realízase, dende o momento no que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil estimada estimando un valor residual nulo segundo a seguinte táboa:

	Anos de vida útil estimada
Construccións	**33**
Instalacións técnicas	**9**
Mobiliario e enseres	**10**
Equipos para procesos de información	**4**
Outro inmobilizado material	**10**

***3. Instrumentos financeiros*:**

A Fundación ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa. Considéranse, por tanto instrumentos financeiros, os seguintes:

a) Activos financeiros:

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais e da actividade propia: usuarios e debedores varios;
- Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos.
- Instrumentos de patrimonio doutras empresas adquiridos: accións, participacións en institucións de investimento colectivo e outros instrumentos de patrimonio e

- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ó persoal e fianzas e depósitos constituídos.

b) Pasivos financeiros:

- Débitos por operacións comerciais e da actividade propia: provedores e acredores varios;
- Débedas con entidades de crédito, e
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou entidades que non sexan entidades de crédito e fianzas e depósitos recibidos.

3.1. Investimentos financeiros a longo y curto prazo

- Préstamos e contas por cobrar: rexístranse ó seu custe amortizado, correspondendo ó efectivo entregado, menos as devolucións do principal efectuadas, máis os xuros devengados non cobrados no caso dos préstamos, e ó valor actual da contraprestación realizada no caso das contas por cobrar.
- Investimentos mantidos ata o seu vencemento: aqueles valores representativos de débeda, cunha data de vencemento fixada, cobros de contía determinada ou determinable, que se negocien nun mercado activo e que a Fundación ten intención e capacidade de conservar ata o seu vencemento. Contabilizan ó seu custe amortizado.

3.2. Efectivo e outros medios líquidos equivalentes

Baixo este epígrafe do balance de situación adxunto rexístrase o efectivo en caixa e bancos, depósitos á vista e outros investimentos a curto prazo de alta liquidez que son rapidamente realizables en caixa e que non teñen risco de cambios no seu valor.

3.3. Pasivos financeiros

Os préstamos, obrigas e similares rexístranse inicialmente polo importe recibido, neto de custes incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas pagadoiras na liquidación ou o reembolso e os custes de transacción, contabilízanse na conta de perdas e ganancias segundo o criterio do devengo utilizando o método do interese efectivo. O importe devengado e non liquidado engádese ó importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

4. Imposto sobre beneficios:

O gasto por imposto corrente determínase mediante a suma do gasto por imposto corrente e o imposto diferido. O gasto por imposto corrente determínase aplicando o tipo de gravame vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.

Os activos e pasivos por impostos diferidos, proceden das diferenzas temporarias definidas como os importes que se prevén pagadoiros ou recuperables no futuro e que derivan da diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Ditos importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria ó tipo de gravame ó que se espera recuperalos ou liquidalos.

Os activos por impostos diferidos xorden, igualmente, como consecuencia das bases impoñibles negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

Recoñécese o correspondente pasivo por impostos diferidos para tódalas diferenzas temporarias impoñibles, salvo que a diferenza temporaria se derive do recoñecemento inicial dun fondo de comercio ou do recoñecemento inicial (salvo nunha combinación de negocios) doutros activos e pasivos nunha operación que no momento da súa realización, non afecte nin ó resultado fiscal nin contable.

Pola súa parte, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporarias deducibles, só se recoñecen no caso de que se considere probable que a Fundación vaia a ter nun futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos e non procedan do recoñecemento inicial (salvo nunha combinación de negocios) doutros activos e pasivos nunha operación que non afecta nin ó resultado fiscal nin ó resultado contable. O resto de activos por impostos diferidos (bases impoñibles negativas e deducións pendentes de compensar) soamente se recoñecen no caso de que se considere probable que a Fundación vaia a ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos.

Con ocasión de cada peche contable revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como

pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións ós mesmos, dacordo cos resultados das análises realizadas.

O gasto ou o ingreso por imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación dos pasivos e activos por imposto diferido, así como, no seu caso, polo recoñecemento e imputación á conta de perdas e ganancias do ingreso directamente imputado ó patrimonio neto que poida resultar da contabilización de aquelas deducións e outras vantaxes fiscais que teñan a natureza económica de subvención.

O réxime fiscal do Imposto sobre Sociedades aplicado á Fundación derívase da aplicación do Título II de la Ley 49/2002 de 23 de diciembre, de régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos y de los incentivos fiscales al mecenazgo e o seu desenvolvemento regulamentario exposto no Real Decreto 1270/2003 de 10 de octubre, del Ministerio de Hacienda, por el que se aprueba el Reglamento para la aplicación del régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos y de los incentivos fiscales al mecenazgo.

5. Ingresos e gastos: prestacións de servizos realizados pola fundación.

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio do devengo con independencia do momento no que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Non obstante, la Fundación unicamente contabiliza os beneficios realizados á data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e as perdas previsibles, aínda sendo eventuais, se contabilizan tan pronto son coñecidos.

Os ingresos pola venta de bens ou servizos recoñecese polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos. os descontos por pronto pago, por volume ou outro tipo de descontos, así como os intereses incorporados ó nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos.

6. Subvencións, doazóns e legados:

As subvencións de capital non reintegrables valóranse polo importe concedido, recoñecéndose inicialmente como ingresos directamente imputados ó patrimonio neto e se imputan a resultados en proporción á depreciación experimentada durante ó período polos activos financiados por ditas subvencións, salvo que se trate de activos non depreciables en cuxo caso se imputarán ó resultado do exercicio en que se produza a enaxenación ou baixa en inventario dos mesmos.

Mentres teñen o carácter de subvencións reintegrables contabilízanse como débedas a longo prazo transformables en subvencións.

Cando as subvencións se concedan para financiar gastos específicos imputaranse como ingresos no exercicio en que se devenguen os gastos que están financiando.

05 - INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE

1.a) Análise do movemento comparativo do exercizo actual e anterior do inmobilizado material e intanxible e das súas correspondentes amortizacións acumuladas.

Movemento do inmobilizado intanxible	Importe 2010	Importe 2009
SALDO INICIAL BRUTO	346,84	
(+) Entradas		346,84
(-) Saídas		
SALDO FINAL BRUTO	346,84	346,84

Movementos amortización inmobilizado intanxible	Importe 2010	Importe 2009
SALDO INICIAL BRUTO	47,69	
(+) Aumento por dotacións	114,46	47,69
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos		
(-) Diminucións por saídas, baixas e traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	162,15	47,69

- Non se ten realizado ningunha corrección valorativa dos bens de inmobilizado intanxible.
- No exercicio 2.010 non se recibiron subvencións, doazóns e legados relacionados co inmobilizado intanxible.

